



PEDRO BRANDARIZ

A COMPAÑÍA

Pedro Brandariz leva media vida subida aos escenarios, ofrecendo monólogos por todo canto recuncho da xeografía galega e española hai. Mais detrás deste gran contador, hai unha ampla formación teatral. Brandariz procede do mundo do *clown*, aínda que tamén traballou en compañías escénicas de corte máis clásico e de teatro infantil. Na actualidade forma parte das compañías Os Sete Magníficos máis Un, DINAMOTEatro, Teatro do Astracán ou Manicómicos. Deixou, ademais, a súa pegada noutras formacións: Desaqueoutradas, Dous son Compañía ou Clowntacontos contaron habitualmente con Brandariz nas súas montaxes.

OS ESPECTÁCULOS

PGU (Partido dos Gordos Unidos)

PGU é un monólogo cómico no que se narra a vida dun gordo. **Pedro Brandariz**, cun estilo agresivo e transgresor, conta diversas peripecias da súa vida dende a perspectiva de gordo. “Desde xa antes de nacer eu xa era gordo. De feito cando lle fixeron a ecografía a miña nai, eu xa non cabía na pantalla. Por iso inventaron o home cinema.” Así comeza un monólogo cargado de ironía, gargalladas e sentenzas de humor puro.

Profundizando na Galiza profunda

Neste monólogo, *Pedro Brandariz* analiza a vida dos galegos. A súa cultura, o seu idioma, as súas expresións e, por suposto, a familia. O intérprete aborda o noso carácter morriño, o noso humor, os nosos hábitos, as nosas festas. Todo desde un punto de vista cómico que provocará as gargalladas do público, porque non hai nada máis gracioso que a pura verdade.

Pai Noso / Padre Nuestro

Aquí **Pedro Brandariz** desenvolve un monólogo cómico que versa sobre o mundo da relixión, pero da relixión máis enxebre, da relixión das parroquias, da que sufrimos día a día as galegas e os galegos. No espectáculo mostráronse os aspectos máis cómicos das propias misas e dos curas, auténticos showmans.

Familia? Non, grazas

A Familia! Esa cousa. No monólogo analízase, dende unha perspectiva irónica, as relacións familiares que se dan entre fillos e fillas, nais e pais, avós e avoas, entre irmáns, cos curmáns, coa tía aquela que nin o seu nome lembramos... Todo un nobelo inmenso que vai desenfando Brandariz co seu característico ollo clínico de monologista.